



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

Edificio Administrativo
San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
www.edu.xunta.es



Resolución provisional do 3 de outubro de 2018, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se resolve o premio de innovación educativa "Desafíos STEM: programación, robótica e impresión 3D" para centros docentes públicos de ensino non universitario da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

De conformidade co establecido no artigo 10 da Resolución do 25 de abril de 2018, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa "Desafíos STEM: programación, robótica e impresión 3D" para centros docentes públicos de ensino non universitario da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, faise pública a relación de proxectos dos centros docentes premiados e ábrese un prazo de 5 hábiles para realizar reclamacións ou renuncias de acordo cos termos establecidos no mencionado artigo.

Relación de proxectos dos centros docentes premiados por categorías:

Categoría STEM iniciación:

- Premio "Desafío Robots" ao proxecto "Gabetas urbanas robotizadas" do IES Isaac Díaz Pardo, Sada, A Coruña.
- Premio "Desafío Programación" ao proxecto "Gafas para cegos" do CPI de Atios, Valdoviño, A Coruña.
- Premio "Desafío Impresión 3D" ao proxecto "Barcos" do CPI O Cruce, Cerceda, A Coruña.

Categoría STEM afondamento:

- Premio "Desafío Robots" ao proxecto "Sistema vehículo autónomo" do IES A Pinguela, Monforte de Lemos, Lugo.
- Premio "Desafío Programación" ao proxecto "BrionXbot" do IES de Brión, Brión, A Coruña.
- Premio "Desafío Impresión 3D" ao proxecto "Unha papeleira móbil no noso instituto" do IES de Fene, Fene, A Coruña.

Santiago de Compostela, 3 de outubro de 2018

O presidente da comisión de selección

Manuel Vila López

Subdirector xeral de Ordenación, e Innovación Educativa e Formación do Profesorado